B5.	B5	CCL/CD/CAA/ CCEC/CSC/	PLEB5.1 Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda e aclaracións aos compañeiros e ás compañeiras cando non progresa a comunicación. PLEB5.2. Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, na redacción de traballos e outros textos, para facerse comprensible case sempre. PLEB5.3. Utiliza as convencións máis habituais propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.) en rexistro estándar. PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. PLEB5.5. Identifica e utiliza os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo. PLEB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar en rexistros estándar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquirido noutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta. PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais). PLEB5.8. Explica o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua, para un interlocutor próxmo real ou simulado que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas, amosando respecto perante as diferenzas. PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro,etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	75%	X		X				X	**CA TIC EMP EC CL EOE**

LENDA TRANSVERSAIS

CCL Comunicación lingüística
CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
CD Competencia dixital
CAA Competencia aprender a aprender
CSC Competencias sociais e cívicas
CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC Conciencia e expresións culturais

CL Comprensión lectora
EOE Expresión oral e escrita
CA Comunicación audiovisual
TIC Tecnoloxías da información e comunicación
EMP Emprendemento
EC Educación cívica
PV Prevención da violencia

5.4. INGLÉS 4ºESO

INGLÉS 4º ESO

Todas Aval			Estándares de aprendizaxe avaliables /Indicadores de logro		Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. Criterios Aval.	Competencias Clave	**Estándares de aprendizaxe e Identificación**	Grao mínimo consec.	**Instrumentos**							**Temas transv.**
						Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúbrica	Obs.	**CL EOE CA TIC EMP EC PV**
Todas	B1.	B1.	CCL/CD/CAA/ CCEC/CSC/	PLEB1.1Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuíndo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias. PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países). PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión. PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional). PLEB1.5.Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua. PLEB1.6.Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles. PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo. PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade).	50%		X	X				X	**EOE**
	B2.	B2	CCL/CD/CAA/ CCEC/CSC/	PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc. PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas PLEB2.3.Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media. PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto. PLEB2.5.Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade. PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.	50%		X					X	**EOE**
	B3.	B3	CCL/CD/CAA/ CCEC/CSC/	PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.). PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, diciónarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material. PLEB3.3.Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo). PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles. PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro). PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional). PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante	50%	X	X	X				X	**CL EOE**

	B4.	B4	CCL/CD/CAA/ CCEC/CSC/	PLEB4.1convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos. PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenís, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía. PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa) PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass . PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese . PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	75%	X		X				X	CL EO E
	B5.	B5	CCL/CD/CAA/ CCEC/CSC/	PLEB5.1 Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras. PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos. PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto. PLEB5.4.Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta. PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica. PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	75%	X		X				X	CA TIC EM P EC CL EO E

LENDA TRANSVERSAIS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

6. METODOLOXÍA

6.1. Estratexias metodolóxicas

Aspectos xerais	Posibles aspectos (exemplo)
	Partir da competencia inicial do alumnado
	Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
	Ensinar a lingua para que o alumno se comunique tanto no plano oral coma no escrito.
	Potenciar as metodoloxía activas combinando traballo individual e en grupo.
	Potenciar a aprendizaxe da lingua integrando as catro destrezas.
	Achegar a cultura inglesa ao alumno para que abra a súa mente a outras nacionalidades.
	Potenciar a autonomía na súa aprendizaxe
	Uso habitual das TIC
	Papel facilitador do profesor/a
Estratexias metodolóxicas	Posibles estratexias
	Integración do vocabulario e estructuras gramaticais nas catro destrezas: *reading, writing, listening and speaking.*
	Exercicios de práctica das catro destrezas.
	Comprensión de diferentes tipos e variedades de textos adaptados ao seu nivel.
	Escritura de diferentes tipos de textos tanto formal coma informales, onde empregará o vocabulario e gramática adquiridos, prestando atención a unha ortografía e puntuación correctas.
	Comprensión de grabacións adaptadas ao seu nivel.
	Uso e potenciación da lingua oral tanto na clase coma en role-plays ou outras actividades simuladas.
	Achegamento a lingua real de forma lúdica con cancións, películas, anuncios, etc.
	Lectura de libros en versións adaptadas aos diferentes niveis para potenciar a lectura, e ao mesmo tempo, achegalos a literatura e cultura dos paises de fala inglesa.
Secuencia habitual de traballo na aula	Posible secuencia
	Motivación:
	* Presentación do vocabulario e gramática de cada tema cunha actividade amena.
	Información do profesor/a:

* Información básica para todo o alumnado
* Información complementaria para reforzo e apoio
* Información complementaria para afondamento e ampliación
Traballo persoal
* Lectura e comprensión de textos
* Realización de exercicios.
* Lectura comprensiva de textos.
* Lectura comprensiva de libros adaptados.
* Escoitas de diálogos ou monólogos simulando conversas reais.
* Elaboración de diálogos ou role-plays simulando conversas reais.
* Escritura de cartas, emails ou diferentes tipos de textos onde manifesten as súas queixas ou opinións e describan ou narren historias.
* Memorización de vocabulario, verbos, estructuras gramaticais...
* Explotación de medios audiovisuais e xogos co fin de proporcionar novos coñecementos dunha forma amena. **Traballo por parellas o en grupos*:** suprimido ou dependendo das circunstancias polo COVID.
Avaliación:
* Análise de producións: cadernos, *readings, listenings*, (Rúbricas)
* Exposicións orais
* Probas escritas
* Traballos individuais e en grupo
* Observación do traballo na aula
* Etc.

6.2. Outras decisións metodolóxicas

2.- Outras decisións metodolóxicas

1.- Agrupamentos ---

2.- Tempos Tres sesións semanais por curso. 30minutos semanais co lector en cada grupo.

3.- Espazos Este curso so disponemos da aula de referencia do grupo pola pandemia.

4.- Materiais

Libro de texto sen workbook este curso polas circunstancias dadas pola pandemia.
Dous libros de lectura obrigatoria por curso.
CDs e DVDs.
Reproductor de CDs.
Pizarra dixital.
Ordenador na aula con acceso a internet. AV e Skype.

5.- Recursos didácticos Tódolos libros de textos teñen una páxina web con exercicios axeitados de reforzo para os usuarios dos seus manuais.

Utilizaremos para este curso *Spectrum1* da Editorial Oxford un método moderno coa intención de motivar ao alumnado para que aprenda inglés, proporcionándolle as capacidades que necesita para alcanzar unha auténtica competencia comunicativa. É un método ben estruturado e de uso sinxelo que lles facilitará a adquisición das competencias clave recollidas na LOMCE e enfocado ao desenvolvemento das destrezas de vocabulario, gramática, lectura e estratexias de comunicación. O método ofrece numerosas ocasións para que amplíen os seus coñecementos sobre temas socioculturais e interdisciplinarios e tamén inclúe exercicios adicionais para os alumnos/as que acaban antes, para os que posúen un maior nivel de coñecementos e para as clases que necesitan atender á diversidade.

Tamén traballaremos na web **Oxford Plus** de recursos na web de Oxford University Press España con artigos e podcasts, contido interactivo, actividades prácticas, documentais en video, exames de práctica, idioms, etc. Todo iso proporciónalles aos alumnos/as moitas máis oportunidades de practicaren o inglés na casa.

O alumnado poderá, asi mesmo, descargar unha aplicación para o móbil (VOCApp) para traballar co vocabulario e a gramática dun xeito lúdico.

Ademáis dos libros de texto faranse lecturas de novelas adecuadas ao nivel dos alumnos como comentaremos na sección relativa ao Plan Lector.

Como material complementario poderá utilizarse outros libros de texto, revistas (tipo revistas da editorial Mary Glasgow), periódicos, DVDs e CDs ademaís dos presentados polo método escollido e que considere oportunos, así como material axeitado que poidamos atopar na rede.

Libros de Texto obrigatorios:

1º ESO: Spectrum 1. Student's Book. Oxford University Press.

Material de consulta e apoio:

Diccionario recomendado para E.S.O.: Oxford Pocket inglés–español. Oxford University Press. Gramática recomendada: Gramática Oxford for ESO. Oxford University Press.

Burlington Beginner's material (1,2,3). Burlington Books.

Libro de lectura obrigatorio no segundo trimestre:

1º ESO: *Gulliver's Travels* (*Jonathan Swift*) -Burlington Activity Readers. Burlington Books.

2º ESO: Spectrum 2. Student's Book. Oxford University Press.

Material de consulta e apoio:

Diccionario recomendado para E.S.O.: Oxford Pocket inglés–español. Oxford University Press. Gramática recomendada: Gramática Oxford for ESO. Oxford University Press.
Burlington Beginner's material (1,2,3). Burlington Books.

Libro de lectura obrigatorio no segundo trimestre:

2º ESO: *A Christmas Carol* (*Charles Dickens*) - Burlington Activity Readers . Burlington Books

3º ESO: Spectrum 3. Student's Book. Oxford University Press.

Material de consulta e apoio:

DiccionariorecomendadoparaE.S.O.:OxfordPocketinglés–español.OxfordUniversityPress. Gramáticarecomendada: GramáticaOxford for ESO. Oxford University Press.

Libro de lectura obrigatorios no segundo trimestre:

3ºESO:*A Spy in Siberia (Samuel Sheedy)*.–BurlingtonActivityReaders.BurlingtonBooks.

4º ESO: Spectrum 4. Student's Book. Oxford University Press.

Material de consulta e apoio:

DiccionariorecomendadoparaE.S.O.:OxfordPocketinglés–español.OxfordUniversityPress. Gramáticarecomendada: GramáticaOxford for ESO. Oxford University Press.

Libro de lectura obrigatorio no segundo trimestre:

4º ESO: *Classic Ghost Stories (adaptadas por Sheila Scott)* – Burlington Activity Readers. Burlington Books.

Ademáis contaremos cos libros Burlington Action Basic Practice 1,2,3, 4 e Spectrum Essential Practice 1,2,3 e 4 para reforzo e adaptación.

7. AVALIACIÓN

AVALIACIÓN: INICIAL, CONTINUA, FINAL, EXTRAORDINARIA.PENDENTES

7.1. Procedementos de avaliación inicial

En que data se realizará?

Primeiro mes do curso.

En que consistirá?

Farase un seguemento exhaustivo do traballo e das capacidades do alumno. Así mesmo poderase facer un test de diagnóstico ou calquera proba que se considere oportuna para detectar algún problema de aprendizaxe. Se avaliarán as catro destrezas: speaking, writing, reading and listening.

Como se informará á familia?

O titor/a informará a familia dos resultados da avaliación inicial e das decisión tomadas pola xunta avaliadora se así o solicitan.

Cales serán as consecuencias dos resultados?

Según as deficiencias que presente o alumno, poderáselle aplicar dende reforzo educativo ata unha adaptación curricular.

7.2. Procedemento avaliación continua

Con que temporalización se farán probas escritas?

A periodicidade dos exames dependerá do criterio da profesora. No primeiro ciclo da ESO procurase facer un exame por cada tema. No segundo ciclo farase unha proba cada

dous temas por regla xeral.

Como se fai a media de cada una das avaliacións?

Nos dous ciclos da ESO se pondera un 80% as probas e un 20% o traballo diario de clase.

Cales son os instrumentos de avaliación?

- Traballo escrito: exercicios e tarefas encomendadas na clase e para casa.
- Producións orais: individuais ou en grupo; diálogos ,lectura de textos, exposicións sobre un determinado tema.
- Exercicios de compresión oral: ditados, listenings.
- Probas escritas: controis, exames de avaliación. As probas ou os exames, de ser necesario e chegar a un acordo co alumnado implicado, poderán realizarse fóra do horario lectivo do grupo.
- Caderno do profesorado, con anotacións sobre actitude, tarefas e intervencións na clase.

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

Disposición de material, chamadas de atención, participación na clase e realización das tarefas.

A actitude do alumnado de cara a materia, o seu interese e participación e o seu comportamento sen interrumpir ou impedir o desenrolo da clase. Así mesmo terase en conta se trae os deberes feitos e mais se fae as tarefas que se lle piden dentro da aula. Se as tarefas están copiadas de algún compañeiro-a, non se puntuarán como feitas, e tamén se anulará a puntuación de quen as deixe copiar. As tarefas que lles sexan corrixidas e devoltas ó alumnado para a súa consulta ou estudio, deberán ser gardadas xunto co resto dos materiais de estudio, quedando en todo momento a disposición do profesorado.

Non realizar as tarefas que o profesor solicite (como por exemplo, 3 días sen traer os deberes feitos sen xustificación) pode ser motivo de suspenso na avaliación. Pódese considerar unha atenuante corrixir a actitude negativa unha vez fose notificada polo profesor e un agravante a actitude negativa reiterada con respecto á materia.

Terase en conta a boa actitude na clase. Enténdese por boa, mostrar respecto, ser puntual, falar correctamente, non mascar chicle, traer o material, estar atento/a, participar positivamente e aproveitar o tempo. En caso contrario, aparte das sancións disciplinarias pertinentes segundo o manual de convivencia do centro, terán un 0 na cualificación da sesión. Ademáis, unha mala actitude durante as actividades de expresión e comprensión oral (se non deixan escoitar ou interrompen) influirá negativamente na cualificación individual desa actividade.

Igualmente, no caso de intentar copiar ou facer trampas nunha proba ou exame se sumará ó 0 en actitude da sesión á anulación da proba ou exame.

Dous aspectos da comunicación humana son a expresión e a comprensión orais, polo que a participación na clase é esencial para unha aprendizaxe satisfactoria. A participación do alumnado será avaliada regularmente. Producións orais: individuais ou en grupo; diálogos, exposicións sobre un tema determinado. Unha mala actitude durante as actividades de expresión e comprensión oral (se non deixan escoitar ou interrompen) influirá negativamente na cualificación individual desa actividade. Para unha aprendizaxe óptima, o alumnado deberá aproveita-lo tempo de clase, repasar e realizar as tarefas na casa e preguntar dúbidas cando se presenten.

En caso de non asistencia a un exame, deberá presentarse un xustificante (segundo o establecido polo Regulamento de Réxime Interno do centro) para que se lle poda facer a proba.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación. Ponderación, redondeo…

O formato de exame é o sempre o mesmo e avaliaranse os 5 bloques: comprensión e expresión oral, comprensión e expresión escrita e coñecemento da lingua e conciencia

intercultural. As diferentes partes do exame e o seu valor son como segue:

- Unha parte de vocabulario e gramática que vale o 50% da nota.
- Unha parte de comprensión escrita, *reading*, que vale 10%.
- Unha parte de comprensión oral, *listening*, que vale o 10%.
- Unha parte de expresión escrita, *writing,* que vale o 20%. Nesta parte é imprescindible acadar un mínimo dun 30% da nota para que se poida facer a media do exame. Con notas inferiores, independentemente das notas das outras partes, o exame estará suspenso. Tampouco poderá deixarse ningunha das partes en branco.

- A parte oral (Speaking) se avaliará a través de todas as producións orais do alumnado durante o trimestre. Tamén se terán en conta as lecturas que se realizarán de xeito

oral durante o desenvolvemento das clases así coma a participación e interacción coa lectora. A porcentaxe de cualificación destas probas de speaking na nota final da avaliación é de un 10% da calificación global.

Ademais dos exames poderanse facer probas específicas de calquera das partes mencionadas anteriormente: *writing* (redaccións), *listening,* vocabulario, etc. ou verbos irregulares, controles de libros de lectura, etc. é poderan levarse a cabo con ou sen previo aviso.

A media de cada unha das avaliacións faise da seguinte maneira:

A nota da avaliación calcúlase tendo en conta os seguintes apartados: Para os dous ciclos da ESO:

- O exame ou exames feitos durante a avaliación valerán o 50% da nota.
- As probas específicas ou controles terán un valor dun 20%. Neste apartado entra a pobra do libro de lectura da segunda avaliación, que ten carácter obrigatorio. Tamén podera utilizarse o libro de lectura, según criterio da profesora, como proba ou exercicio/s para calificar o speaking e/ou reading do alumnado.
- 10% a expresión oral ou speaking.
- 20% a actitude e o traballo de aula e casa.

7.3. Procedementos de avaliacIón final

- Na tercera avaliación poderá haber un examen do vocabulario de todo o curso a xuizo do/a profesor/a e dependendo das circunstancias.

As veces fanse máis exames completos e menos probas específicas ou controles, así que o profesorado poderá modificar esta porcentaxe de xeito proporcional. Unha mala actitude durante a realización das probas (charlar, interrumpir, dar pistas sobre as respostas…) reflectirase na cualificación destas. Intentar copiar nelas ou facer trampas ó respostar suporá o suspenso da proba e a perda do dereito a continuar facendo a proba. Se o profesorado ten argumentos (por exemplo:

idénticas respostas entre alumnado de desiguais resultados noutras probas ou exames, composición igual a outra presentada ou do libro, ou desigualdade entre o nivel habitual dese/a estudante e a proba presentada ou do libro, ou desigualdade entre o nivel habitual dese/a estudante e a proba presentada) para sospeitar de “cambiazo” ou copia de proba ou exame, será anulada/o (tanto de quen copie como de quen deixe copiar).

Para aprobar a materia o alumnado deberá obter un 5 de media da avaliación. De non chegar ó 5 na 3ª avaliación, terán opción a facer unha recuperación do exame final escrito desa 3ª avaliación, que fará media co resto das cualificacions obtidas nese 3º trimestre. Terán que chegar ó 5 igualmente nesa media final (media feita agora co exame de recuperación en vez do exame final orixinal). A esta recuperación só accederá o alumnado cun mínimo de 4 no exame final da 3ª avaliación, xa que a recuperación non será da avaliación continua, senón só do exame final, como se menciona mais adiante. Non obstante, os alumnos non poderán aprobar a materia se non amosan o suficiente traballo, interés e boa actitude ao longo do curso ou non acadan un mínimo en algunha das destrezas. No caso de non aprobar a 3ª avaliación o alumnado terá que examinarse na convocatoria extraordinaria.

Como se recupera unha proba non superada?

Con traballo de reforzo. Non se farán recuperacións por avaliación, xa que se segue o procedemento de avaliación continua e en cada trimestre se acostuma a repetir o do anterior ou anteriores.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Superando a seguinte. A avaliación é continua, polo que o alumnado que supere a 3ª avaliación terá aprobada a materia, esto quere dicir que nos 2º y 3º trimestres entrará conceptos dos anteriores, incluso aínda que se teñan aprobados previamente. Por este motivo non se repetirán probas, xa que se obteñen un número de cualificacións suficientes ó longo de cada trimestre para que haxa unha media de cualificacións o suficientemente obxectiva. Só se fará unha recuperación do exame final da 3ª avaliación. A esta recuperación só accederá o alumnado cun mínimo de 4 no exame final da 3ª avaliación, xa que a recuperación non será da avaliación continua, senón só do exame final. No caso de non aprobar a 3ª avaliación o alumnado suspenso terá que examinarse en setembro.

7.4. Procedementos de avaliación extraordinaria

Entrarán os contidos mínimos de todo o curso (excepto o libro de lectura), e a proba consistirá nun exame tipo "final" de avaliación, con Reading, Writing, Grammar e Vocabulary. Non haberá proba oral. Unha mala actitude durante o exame extraordinario afectará á nota negativamente. O feito de deixar en branco a parte de expresión escrita (Writing) suporá que a cualificación final máxima será de 5.

7.5. Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

Como se fará o seguimento?

Tarefas de xeito individual, revisadas polo profesorado. Farase un exame completo. As súas partes e o seu valor xa están especificados no punto 3 deste apartado.

Como se avalia?

O alumnado coa materia pendente de cursos anteriores que supere a materia no curso no que está matriculado actualmente na convocatoria ordinaria ou extraordinaria recuperará a materia pendente automáticamente, sen necesidade de facer probas de pendentes, se estas foran posteriores. Tamén quedará exento de facer a proba obrigatoria de pendentes de maio se aprobou a 1ª avaliación do curso superior no que está matriculado e fixo satistactoriamente os cuaderniños de exercicios que se lles proporciona para repasar os contidos que teñen pendientes e axudaráselles a facer unha autoavaliación dos mesmos para que aprendan a correxir erros.

Na avaliación extraordinaria, terán un exame de pendentes das mesmas características. En caso de suspender, aprobando a materia do curso actual quedaría automaticamente aprobada a pendente.

Unha mala actitude durante o exame extraordinario afectará á cualificación negativamente.

Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunión de seguimento, etc?

Ós alumnos coa materia pendente do curso anterior faráselle un seguemento do seu traballo e progreso para informar ó titor/a, este informará ás familias cando o demanden ou sempre que o titor/a o considere oportuno. Se lles dará material para facer na casa periódicamente e que posteriormente será correxido.

Dado o carácter da materia acumulativo e sumativo nos seus contidos, coma xa se dixo, o alumnado que aprobé a primeira avaliación de inglés do curso no que se atope, darase por aprobada a materia do curso anterior.

Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas?

Se suspende novamente en maio ou na convocatoria ordinaria de xuño do curso actual, virá a convocatoria extraordinaria onde se examinará cos demais alumnos do curso que teña suspenso e facendo o mesmo tipo de exame. O formato de exame será o que adoiten a ter sempre os exames e que xa se indicou con anterioridade.

Como se califica, redondeos, etc?

Ver punto 7.3. A cualificación da avaliación extraordinaria será por redondeo. Considerárase que o/a alumno/a ten aprobada a materia se superou o 45% do cómputo total da proba.

Para aprobar cada un dos trimestres ao longo do curso será necesario ter unha cualificación de 5 ou superior. Para redondear a cualificación, entenderase que a partir de 0,7 un alumno recibirá o punto seguinte. Así unha media de 6,7 equivalerá a unha cualificación de 7.

Actividades de reforzo / recuperación

No caso do alumnado repetidor da materia, se lles dan actividades que deberán entregar periódicamente e que serán correxidas pola profesora.

Plan de reforzo individualizado:

No caso do alumnado con dificultades especiais, ademáis de darlles actividades de reforzo dun nivel máis sinxelo, as probas de avaliación pódense axustar a un nivel máis sinxelo, constando como reforzo na nota de avaliación.

De ser necesario, no caso de reforzo, as probas de avaliación continua que non poidan ser axustadas en dificultade (ditados, por exemplo), serán cualificadas sobre un 75% de acertos (poidendo ser un 50% nalgún caso puntual e xustificado), en lugar dun 100%.

8. OUTRAS AVALIACIÓNS

Avaliación dos procesos de ensino e a práctica docente. Procedementos para avaliar a propia programación:

8.1..- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				

7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliaciÓn,.. ?				

Mecanismo de revisión

Con que periodicidade se revisará
Que medidas se adoptarán en caso de desfase

8.2..- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				

32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

9.1. Medidas ordinarias

Organizativas	Curriculares
1. Adecuouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo? a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc. Sempre que o profesorado o considere oportuno. b) b) Espazos diferenciados? Sempre que o profesorado o considere oportuno. c) c) Materiais e recursos didácticos diferenciados? Sempre que o profesorado o considere oportuno. 2. Faise algún desdobramento de grupos? Non. 3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula? Sempre que o profesorado o considere oportuno. 4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún	1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.? Non 2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a? Sempre que o profesorado o considere oportuno. 3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO? 4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais ? 5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? NON

alumno/a? Non 5. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia? O que o profesorado considere oportuno.	. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia? Se lles proporciona material de apoio si o profesor o considera oportuno.

9.2. Medidas extraordinarias

Organizativas	Curriculares
1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL? --- 2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)? Non 3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)? Non 4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización	1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas? Si, 1 alumn@ de 2º ESO con adaptación a nivel de Primaria (5º). 2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico? Non 3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)? Non 4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de

domiciliaria, escolarización combinada, etc.? Non neste momento pero pode darse debido a situación COVID.	escolarización? Non 5 Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio / profesorado agrupamento / etc. O lector estará 30 minutos semanais co cada grupo.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Como actividades complementarias conmemoraranse algunhas das datas especialmente sinaladas na cultura anglosaxona, como Halloween, Thanksgiving Day, Christmas, Martin Luther King´s Day , St Valentine, St Patrick's, ou Easter, dependendo da súa adecuación ó ritmo da programación e da situación debida a pandemia COVID19.

Todas as demais están a determinar por esta causa.

11. PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN

O alumnado é informado a principio de curso e sucesivamente ó longo do mesmo, cando a ocasión o require, dos aspectos da programación que máis lles afectan, estando esta á súa disposición e dos seus pais/ nais/ titores en todo momento.

Para unha clara comprensión do proceso de avaliación, se lle comunicarán ó alumnado os seguintes puntos:

2.6.1. Procedemento de avaliación

2.6.2. Instrumentos de avaliación

2.6.3. Criterios de cualificación, corrección e promoción. Avaliación extraordinaria

2.6.4. Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación de materias pendentes

12. DATOS DO DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Profesor /a
INGLÉS	1º ESO	A	Carmen Amedo Fouce (X.D.)
INGLÉS	2º ESO	A	Carmen Amedo Fouce
INGLÉS	3º ESO	A	Carmen Amedo Fouce
INGLÉS	4º ESO	A	Carmen Amedo Fouce

13. RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DO 27/07/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	APARTADO
a	Introdución e contextualización	Apto. 3
b	Contribución ás competencias básicas	Apto. 5
c	Concreción dos obxectivos para o curso	Apto. 3
d	**Concreción para cada estándar**	Apto. 5
	1º.- Temporalización	Apto. 4
	2º.- Grao mínimo de consecución	Apto. 5
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	Apto. 5
e	Concrecións metodolóxicas	Apto. 6
f	Materiais e recursos didácticos	Apto. 6
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	Apto. 7
h	Indicadores de logro para avaliar o proc.ensino e p.d.	Apto. 8
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	Apto. 7
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	Apto. 7
k	Avaliación inicial e medidas	Apto. 7
l	Medidas de atención á diversidade	Apto. 9
m	Concreción de elementos transversais	Apto. 5
n	Actividades complementarias e extraescolares	Apto. 10
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	Apto. 8

A materia se imparte na lingua de referencia, aínda que vai incorporándose gradualmente dende os cursos inferiores. O feito de contar cun auxiliar de inglés contribúe positivamente a esta integración.

Cospeito, 13 Sete,mbro 2021

Mª del Carmen Amedo Fouce
Xefa de Departamento